

Práctica 1: Ferramentas de busca

Portais Educativos

www.edu.xunta.es/contidos




O noso obxectivo vai ser explorar algunhas das posibilidades dos portais educativos: localizar recursos por categorías e niveis educativos, descargar recursos elaborados en linguas propias, tomar ideas de proxectos desenvolvidos por outros centros, etc.

1. No portal educativo www.edu.xunta.es/contidos localiza o **Dicionario Visual Interactivo** na categoría “atención a diversidade”. Escolle o escenario da Romaría e as actividades correspondentes. Comproba que as opcións dispoñibles funcionan co lapis do *tablet* *pecé* do alumnado.



2. No mesmo portal, localiza na categoría correspondente **varios mapas de Europa para 1º da ESO**: Políticos, Físicos e Temáticos. Fai unhas carpetas de catalogación e descárgaos o servidor.



3. No mesmo portal, localiza o **museo virtual do CEIP de Palmeira**. Visita as súas seccións, e pensa nunha actividade similar para realizar no teu centro co alumnado Abalar. Elabora un proxecto para presentarlle os teus compañeiros, e realizar unha tarefa interdisciplinar con obxectivos similares.





4. Na categoría de recursos para o profesorado, localiza os 23 recursos dispoñibles na “asignatura” de **matemáticas de educación primaria**. Entra no **Proxecto Cifras** e visita o recurso e as guías didácticas de uso. Se te parece interesante para almacenar no servidor do centro, preme na opción: **Descargar carpeta comprimida (616,3 MB)**. Instala o recurso e garda as guías en PDF nas carpetas adicadas a formación do profesorado.

Internet en el aula

Inicio - El Pueblo - Polideportivo Pirágoras - Itasca y ameta

Los equipos de Bea y Raul han jugado un partido de baloncesto

equipo **Raul**

Los puntos conseguidos por el equipo de Raul son:

Jugador	Raul	Julia	Javier	Lope	Andrea	Carmen	Total
Puntos	6	8	15	7	7	10	53

Haz un clic en la casilla de la puntuación de cada jugador

Jugador	Puntos	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15
Raul																
Julia																
Javier																
Lope																
Andrea																
Carmen																

00 00

5. Na sección anterior ¿poderías descargar todos os recursos que están baixo unha licenza de **Creative Commons** e facer un repositorio de contidos de matemáticas?

http://www.ite.educacion.es/profesores/descargas_primaria/matematicas/



6. ¿Sabes en que consisten as **Boas Prácticas 2.0**? Busca información dende calquera navegador.

<http://recursostic.educacion.es/buenaspracticas20/web/>

7. No blogue que ten o ITE adicado o tema anterior, visita a sección **EDA**, que fala da **experimentación didáctica na aula**. Fíxate na barra superior. Nela podes atopar varios proxectos EDA de varias disciplinas. O ITE edita anualmente **CDs** con esos materiais, guías para o profesorado, e moitos recursos para cada un dos proxectos. Tomamos como exemplo : **DESCARTES**, tes que localizar:

a) Lugar desa web onde se solicita o material didáctico en CD ou se descarga.


http://recursostic.educacion.es/descartes/web/formulario_cd_dvd.html

b) Lugar desa web onde se pode acceder en liña o recurso:

http://descartes.cnice.mec.es/edad/4esomatemáticasB/estadística/index_quincena11.htm

c) ¿Tes unha sección bilingüe de matemáticas? Consulta se dispoñen de versión en

inglés:<http://recursostic.educacion.es/descartes/web/ingles/index.html>



8. ¿Como podemos encontrar os **portais educativos** do resto das comunidades autónomas?

Neste enlace dos **servidores educativos** encontrarás ligazóns os enlaces os portais respectivos

<http://www.ite.educacion.es/w3/ccaa/index.html>

Fai unha colección dos marcadores de cada comunidade e estable categorías para cada materia.

9. Algúns portais educativos non pertencen as comunidades autónomas: <http://www.educared.net/>

Localiza a **categoría** de: *recursos educativos\software educativo \curricular\lingua castelá\5º de primaria* e elixe un recurso para recomendar. (*fixate que tes unha axuda de como realizar a busca*).


10. Tamén existen **portais temáticos** de educación, MOS de música: <http://recursos.cnice.mec.es/musica/>

Nel podes atopar a posibilidade de facer unha busca avanzada. Busca a palabra “canciones”.

Fíxate que obtés resultados **catalogados** ¿que significan os **obxectos de aprendizaxe** ?



11. Imos buscar recursos de imaxes, sons, vídeos e animacións. Son moitos os portais educativos que xa dispoñen dunha sección “**banco multimedia**” na que podemos facer unha busca (*e descarga posterior*) selectiva atendendo o formato desexado: <http://recursostic.educacion.es/bancoimagenes/web/>



12. Existen outros portais temáticos baseados nos formatos de imaxe, vídeo, son e presentacións. O seu repositorio de recursos é moi amplo, xa que a maioría dispoñen de ferramentas propias de almacenamento e xestión gratuítas, o cal fai que moitos usuarios da rede decídanse por empregar estes servizos para amosar os seus traballos (ou ofertalos mediante licenzas CC).


http://www.youtube.com/ http://video.google.es/	http://www.flickr.com/
http://www.findsounds.com/	http://www.slideshare.net/ http://www.scribd.com/

Como exemplo, imos localizar un vídeo e unha presentación acerca de...

- ¿Que son as RSS ? <http://www.youtube.com/watch?v=BnZlct8-MI>
- ¿Como instalar un encerado dixital?
<http://www.scribd.com/doc/27825752/Manual-Instalacion-Pizarra-Digital>

13. Para iniciarse na busca de materiais didácticos, aconsellamos empezar nos portais temáticos das administracións públicas_e dentro deles_ na busca por categorías.

Buscamos contos en PDF relacionados co mundo do mar



14. Ideas para facer actividades dos contos anteriores e relacionadas co proxecto lector

Contos e lendas ilustrados por nenos: <http://www.ite.educacion.es/w3/recursos2/cuentos/index.html>

Práctica 2: Busca avanzada nun buscador

Usar un buscador converteuse nun procedemento tan necesario, que de non telos, a meirande parte das persoas non lograrían navegar pola rede. O seu uso resulta tan habitual que parte dos usuarios xa non gardan os marcadores de interese, non anotan as URL, ou navegan guiados polos hipervínculos . Dispoñendo permanentemente de buscadores, é moi cómodo poñer unhas cantas palabras claves e chegar o lugar desexado nun par de clics. Moitos dos nosos alumnos, incluso confunden a barra de direccións co recadro de entrada de busca do navegador.

Sen embargo, son poucos os usuarios que empregan a busca avanzada. Isto fai que cando queren atopar determinados arquivos, pódense encontrar cunha morea de posibilidades que os van facer desesperar na procura do desexado. Facer unha busca avanzada é importante para lograr filtrar os resultados que non nos interesan, e sobre todo para afinar a busca no medio de tantas posibilidades.

O uso dun buscador avanzado é sinxelo e eliximos un dos máis populares. Na presentación veremos o manual de uso resumido, que nos aporta unha descrición das principais funcionalidades acompañadas de exemplos. Pasamos a facer algunhas prácticas de cada apartado.

OPCIÓNS 1,2,3,4

1. Proba as diferentes opcións cas palabras “**corpos xeométricos**” e compara a cantidade de resultados que te aporta cada unha delas.
2. Elimina da busca anterior_ca opción 4_ os resultados que conteñan a palabra “**recursos**”. Interpreta o resultado.
3. Busca un **exemplo similar** para poñerlle como exercicio os teus compañeiros da área musical.

OPCIÓN 5

4. A profesora de lingua inglesa de 5º curso de EP quere buscar nesa lingua o conto da **carapuchiña vermella** que lle amosaron nun curso TIC. Só recorda que era unha animación de debuxos para nenos, e que estaba almacenada na web do British Council en España:

Pista: A profesora te di o nome do conto en inglés: "Little Red Riding Hood" e ti tes que chegar aquí: <http://learnenglishkids.britishcouncil.org/short-stories/little-red-riding-hood>

OPCIÓN 5 + 6

5. O profesor de lingua castelá quere ensinalles os seus alumnos algunha información publicada en España no idioma chino tradicional. Deciden buscar a palabra “**periódico**” ¿podías indicarlle como facelo? ¿E si decidisen buscar resultados ca palabra “**castaña**”?

Pista: Combina a busca cas ferramentas de tradución desde mesmo buscador.

6. O profesor de latín e grego anda a busca de “**textos**” nesas linguas que se publiquen en España na web do ITE, para traballar nas clases ¿sabes axudalo?

Pista: O proxecto do ITE que traballa materiais educativos se chama **Palladium**.

OPCIÓN 7

7. Dous profesores de 5º e 6º de primaria, queren facer un proxecto cos seus alumnos sobre os **faros** que ai de **Galicia**. Queren localizalos e logo facer unhas maquetas en cartón. Te comentan da posibilidade que ten Google Earth de vista tridimensional de elementos arquitectónicos, así como a de poder descargar a colección de todos faros mediante “chinchetas” ou marcadores.

Pista: As extensións deses arquivos de Google earth son **KMZ**, os lugares individuais son **KML**, indicar rexión **España** e palabra clave **Faros**.

Máis información por se non obtés resultados: <http://www.tufuncion.com/kmz-google-earth>

8. Outros profesores de 1º da ESO queren facer algo similar. Localizar todos os parques eólicos de Galicia e logo sitúalos no Google Earth e coller as súas coordenadas.

Pista: A listaxe de parques eólicos, seguramente a podes atopar na web do INEGA.

9. Por último, os alumnos queren participar nun concurso sobre un deseño de rutas polas fortalezas do Río Miño e queren localizalas. ¿Podes indicarlle como usar a busca avanzada para localizar esta información ?

OPCIÓN 9

10. ¿Cantas páxinas crees que podemos atopar levando *no seu título* a frase exacta “**TIC en la educación**” ?

11. ¿Cantas páxinas crees que podemos atopar levando *en calquera parte da páxina* esa frase?

12. Compara e interpreta os resultados .

OPCIÓN 8 + 9

13. No dominio www.edu.xunta.es ¿cales foron as novas publicadas ca palabra “Xornadas” durante o último mes deste ano?

OBSERVACIÓN PARA INTERESADOS: Tal e como explicamos no exercicio anterior, podes empregar sintaxes como esta: `&as_qdr=d5` para filtrar resultados dos últimos cinco días. Se tes interese no tema, investiga pola túa conta.

OPCIÓN 10

14. A profesora de plástica oíu falar do recuncho www.educacionplastica.net , e lle comentaron que dende alí podía descargar clips e simulacións para as súas clases en **formato swf**. Entrou na web, pero que só pode acceder a cada unha delas dende a sección correspondente. Pregunta o xeito de collelas todas xuntas para logo catalogalas no servidor. ¿sabes axudala?

Pista: Combina as opcións 10 e 7, e comproba que obtés 6 resultados.

15. Agora di que tamén quere localizar as **presentacións** ¿cantos resultados obtés?

Pista: Non aí ningún ¿como pode ser posible si na web vemos que aí presentacións? Observa que o formato almacenado por o webmaster foi “PPS” e non “PPT”

OBSERVACIÓN PARA INTERESADOS: A opción 7 non dispón de máis formatos dos que aparecen no despregable, pero se te fixas cando fas a busca, na recadro da busca aparece unha frase como esta: `site:www.educacionplastica.net filetype:ppt`

É dicir, unha instrución de busca consta dunha determinada sintaxe. Basta cambiar “ppt” por “pps” . Obtemos un total de 12 resultados. En consecuencia, se te fixas nas sintaxes e todos os exercicios anteriores, poderías “programar” mediante liñas de texto as buscas que o profesorado te solicite.

16. Mándalle unha “frase de busca” por correo electrónico a un compañeiro, e dille que a copie e pegue no navegador ¿Funciona?

17. Volve a repetir a busca do exercicio 7, pero agora só no dominio **www. forogaia.com.ar**

18. Na mesma web, proba a facer unha biblioteca “chinchetas” con información xeográfica de los rios mas importantes de **Europa**.

Se vas a buscar arquivos cunha determinada extensión, pode ser moi útil buscar en webs temáticas que traballen con eses arquivos, por exemplo: se buscas arquivos kml ou kmz nos foros de google earth os localizarás máis facilmente.

19. Tamén se recomenda este tipo de arquivos para actividades “**earthquest**”. ¿Non coñeces o recurso? Proba a documentarte na web empregando a busca avanzada por tema.

OPCIÓN 11

20. Queremos buscar material en calquera formato, sobre o **uso avanzado do buscador Google**, que se poida compartir e modificar libremente para empregalo no obradoiro Abalar (sen fins comerciais).

OPCIÓN 12

21. Varios profesores te comentan que, buscando cos seus alumnos **imaxes** ca palabra **ubuntu**, apareceron contidos non desexados. Comproba se teñen razón.

22. Recomendalles o filtro **SafeSearch estricto**. ¿ É efectivo? Fai unha reflexión sobre o significado da expresión “contido sexual explícito” e documéntate máis sobre este filtro no enlace:

<http://www.google.com/support/websearch/bin/answer.py?answer=510>

OPCIÓN 13

23. ¿Crees que existen alternativas a **moodle** como plataforma de teleformación?

Supoñemos que non coñeces máis plataformas. Emprega a opción de buscar páxinas similares a: <http://moodle.org/> e busca na web oficial do resto das plataformas. Así podes documentarte das funcionalidades de cada unha, e posteriormente facer un análise persoal.

24. No blogue de aula que acabades de abrir tedes moitas visitas ultimamente. Queredes coñecer os ligazóns que conducen ata vos, así que emprega a opción correspondente para descubri-lo.

25. Empregando estas dúas webs: www.marilo.com www.educacionplastica.net compara os resultados e fai una estimación das visitas que estas dúas páxinas poderían recibir diariamente.

26. A listaxe de libros de 1º da ESO do IES de Teis vai ser borrado do seu portal. Queredes avisar a todas as web que tiñan ese vínculo. Comproba que ningunha web o tiña enlazado directamente.

Pista http://centros.edu.xunta.es/iesdeteis/secretaria/documentos_p/librotexto10-11.pdf

Práctica 3: Utilidades para xestionar páxinas webs


Cando visitamos unha páxina web e queremos gardar o seu enderezo para volver a visitala, dispoñemos de varias posibilidades.

1º Organizar os favoritos ou marcadores do navegador do noso *pecé*

Os navegadores dispoñen por defecto dunha funcionalidade que nos permite almacenar e organizar vínculos.


I. Explorer :

Cando visites unha páxina, preme co botón dereito do rato ,e no menú contextual selecciona



Crear acceso directo
Agregar a Favoritos...
Ver código fuente


A páxina se gardará na listaxe de marcadores. Podes visualizar e xestionar os teus “Favoritos” dende a opción




Mozilla: Cando visites unha páxina, preme na estrela que está a dereita, na barra de direccións



A páxina se gardará na listaxe de marcadores. Podes visualizar e xestionar os teus “Marcadores ” dende o menú: Ver



Chrome: Cando visites unha páxina, preme na mesma estrela do caso anterior. Podes visualizar e xestionar os teus “Marcadores ” dende o menú:




2º Facer un arquivo de acceso directo a unha páxina

Cando visitamos unha páxina e queremos facer un **archivo de acceso directo** resulta moi sinxelo:

I. Explorer : Segue os pasos descritos a continuación:

- 1) Cando estamos na páxina, seguindo a ruta Archivo/Enviar/Acceso directo a escritorio.
- 2) Logo basta copiar ese arquivo en calquera directorio/unidade/*pendriver* que queiramos.



Mozilla: Segue os pasos descritos a continuación:

- 1) Cambia o tamaño da ventá de Mozilla de xeito que poidas ver tanto o escritorio como a ventá de Mozilla na mesma pantalla.
- 2) Fai clic na icona situada ao lado da barra de direccións. Co botón esquerdo do rato pulsado, arrastra o punteiro cara o escritorio e, unha vez neste, solta o botón. Crearase un acceso directo.



Chrome: Segue os pasos descritos a continuación:


- 1) Fai clic na icona con forma de chave inglesa  situado na barra de ferramentas do navegador.
- 2) Selecciona **Ferramentas**.
- 3) Selecciona **Crear accesos directos a aplicaciones**.
- 4) No cadro de diálogo, activa os *checks* de verificación das cubicacións nas que queiras colocar os accesos directos.
- 5) Fai clic en **Aceptar**.



3º Facer un arquivo de texto que conteña os enderezos e vínculos as páxinas desexadas

Mozilla: Segue os pasos descritos a continuación:

- 1) Na barra de menús, premer en **Marcadores--> Organizar marcadores**.
- 2) Ábrese unha nova ventá chamada “Catálogo”. Na imaxe pódese ver que na opción “Importar e respaldar” podemos “exportar “a nosa colección de marcadores en formato html.



O arquivo resultante é un arquivo de texto (formato html) que é visible dende calquera navegador e dispón de vínculos activos. Existe a posibilidade de editalo para facer modificacións (*Open Office writer/web*)

[Interactive Visual Dictionary of English - Xunta de Galicia](#)

[La aventura del Saber](#)

[MATEMÁTICAS A NUESTRO LADO MOVIMIENTOS EN EL PLANO. FRISOS](#)

[Matemáticas. El Universo Mecánico y Matemático. Galilei](#)

[Material Didáctico. Antonio Pérez](#)

Ca opción “importar” podemos recoller marcadores doutros ordenadores (casa, compañeiros, etc.).


4º Uso dos marcadores sociais

Comezamos por preguntarnos ¿que son os **marcadores sociais**?

http://es.wikipedia.org/wiki/Marcadores_sociales

O final da páxina verás unha listaxe dos principais xestores de marcadores sociais

<http://es.wikipedia.org/wiki/Del.icio.us>



Práctica 4: RSS

Aconsello visitar a definición que fai a wikipedia das RSS: <http://es.wikipedia.org/wiki/RSS>

O acrónimo emprégase para os seguintes estándares:

- Rich Site Summary (RSS 0.91)
- RDF Site Summary (RSS 0.9 and 1.0)
- Really Simple Syndication (RSS 2.0)

Características principais:

1. É un formato XML para syndicar o compartir contido na web .
2. Utilízase para difundir [información actualizada](#) frecuentemente a usuarios que están suscritos a unha fonte de contidos.
3. O formato permite distribuir contidos sen necesidade dun navegador, utilizando un software deseñado para ler estos contidos RSS ([agregador](#)).
4. RSS á parte da familia dos formatos [XML](#) desenvolvido especificamente para todo tipo de sitios que vaian a actualizarse con frecuencia e por medio do cal se pode compartir a información e usala en outros sitios web ou programas.
5. As RSS se lle coñecen como [redifusión web](#) o *sindicación web* (una tradución incorrecta, pero de uso moi común).

En determinadas webs, imos atopar a posibilidade de subscribírnos dunha forma sinxela. Os primeiros exercicios van encamiñados a identificar cales dispoñen desa posibilidade.

Existen varios procedementos para subscribir, dependendo do uso posterior que queiramos facer con eses contidos. Se temos pensado ler os contidos dende un ordenador en particular, podemos facelo cas opcións que nos aporta o navegador: explorer, mozilla (extensión) ou chrome, etc.

Se preferimos xestionar as nosas subscricións dende calquera *pecé*, podemos usar un lector en liña (lectores RSS online). Neste caso eliximos “google reader” para facer as seguintes prácticas.

1. Lee a introdución anterior.
2. Visita as seguintes URLs e comproba se dispoñen de servizo de RSS para subscribirse.
 - <http://triniiglesias.blogspot.es/> ¿ves a icona?
 - <http://proxectomaese.blogspot.com/> ¿ves a icona? temos texto
3. Visita algunhas webs temáticas sobre ferramentas autor, como exemplo a Zona Clic:
 - http://clic.xtec.cat/db/news_es.jsp Non aí a icona esperada, aí outra icona

4. Visita estas webs relacionadas cas bibliotecas escolares:

- <http://opapasol.blogspot.com> ¿ves a icona?
- <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/> ¿ves a icona? Está, pero non está no sitio esperado

5. ¿Podes comprobar na listaxe de bibliotecas recomendadas cales teñen servizo de RSS e facer unha axenda de RSS de bibliotecas para recomendarlle o profesorado do teu centro?

6. Tes que rexistrarse nunha conta de *gmail* para poder empregar o servizo **Google reader** no enderezo www.google.com/reader

7. Unha vez remataches, imos empezar por estar informados do que están a facer en outros centros educativos galegos ¿que mellor que subscribirnos as RSS da web dun centro? Anota as particularidades que vexas en cada unha.

- <http://iesdesada.blogspot.com/>
- <http://centros.edu.xunta.es/iesleiraspulpeiro>
- <http://www.farixa.es>

8. Subscríbete o **Portal Educativo** para estar informado a diario: <http://www.edu.xunta.es>

9. Para dinamizadores Abalar vai resultar indispensable estar o días das novidades. Estar subscrito as RSS de webs especializadas vai ser o primeiro que imos facer:

- Dúas webs sobre TIC e innovación: <http://www.redtic.es/>, <http://www.theinquirer.es/>,
- Asociación de usuarios do EDI, en Galicia: www.ediga.net

9. Tes que buscar nesta lista blogues: **grupos de ENL** de centros educativos que creas interesantes ¡¡¡e que ademais teñan servizo RSS!!!!

- <http://vella.blogaliza.org/?val=lblogomillo>

10. Para o país do alumando do proxecto será importante dispoñer na casa de acceso a contidos dixitais relacionados cas materias dos seus fillos. Vamos a subscribirnos nos durante unha tempada e comprobar o interese desta web. www.educacionplastica.net

11. A profesora Mariló comunicavos que vai empregar a súa web para colocar as fichas de traballo, e quere tervos ben avisados de que temos unha nova cada día. ¿Vos subscribides? www.marilo.com

12. ¿Coñeces un blogue de aula dalgún centro educativo da túa contorna que teña servizo de RSS? Comparte agora con todos nos o enlace e vámonos subscribir todos.

RETOS PLANTEXADOS

1. ¿Como buscarías unha web para recomendar_ con servizo de RSS_sobre o programa de xeometría dinámica que usa habitualmente o profesor abalar de matemáticas do teu centro? ¿coñeces o nome do programa? <http://soloeduca.org/geogebra/>
2. ¿Como engadir o servizo de RSS a web dun centro que está no proxecto Webs dinámicas? <http://centros.edu.xunta.es/websdinamicas/?q=node/39> . Pon “RSS” no buscador interno desa páxina.
3. ¿Porqué razón nunha mesma web podemos ver diferentes servizos de RSS?
 - Tanta cousa.... <http://www.elpais.com/rss/index.html>
 - Non misturar categorías....<http://enmarchaconlastic.educarex.es/>
4. ¿Que pasa cando premes na icona da RSS dunha web a través do mozilla ou do explorer ou abres o enlace nunha ventá? Proba con este enlace e explica a que poden ser debidas as diferencias. <http://educacionplastica.net/suscripcion.rss>
5. ¿Que significa a icona RSS que está na barra de ferramentas do Navegador Explorer cando se pon color laranxa o entrar nunha web?
6. Entra na Web de Jclíc ¿identificas todas as iconas que ves abaixo?¿Ves algún elemento para subscribirnos as RSS? ¿sabías encontrar unas RSS de Jclíc noutro lugar?
7. ¿Saberías buscar extensións para o navegador Mozilla que sirvan de utilidades para RSS?